



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornadas O control externo local no exercicio 2022: balance práctico e recomendacións

CONVOCATORIA: Xornadas O control externo local no exercicio 2022: balance práctico e recomendacións.

GRUPO: Economía Pública (Cursos Superiores e Xornadas)

ÁREA: Réxime xurídico e xestión das entidades locais

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	8
ADMINISTRACIÓN:	AU LO	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2023
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 12/04/2023 - 09:00h ao 19/04/2023 - 12:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

AMPLIADO O PRAZO DE INSCRICIÓN ATA O 19 DE ABRIL ÁS 12:00 h.

O Consello de Contas de Galicia, na súa condición de órgano estatutario de control externo da xestión económico-financeira do sector público de Galicia, ten tres funcións básicas: a de vixilancia (a máis coñecida de control da legalidade e regularidade contable), a de xeración de evidencias para a mellora da xestión pública desde o punto de vista da economía, eficacia e eficiencia do gasto e do ingreso público, pero tamén da súa sustentabilidade, e, finalmente, a de colaboración na prevención da fraude e o impulso de marcos de integridade na xestión pública.

Co obxecto de achegar os resultados desta tripla función no exercicio 2022 propóñense estas xornadas desde a Área de Corporacións Locais do Consello de Contas de Galicia desde o convencemento das sinerxías entre o control externo e o control interno, pero tamén do papel da primeira liña de defensa na xestión do sector público, a administración activa. En síntese, trátase de dar visibilidade ás posibilidades de mellora na xestión do público desde o control externo.

DESTINATARIOS

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración local de Galicia.

No caso de non se cubrir a totalidade das prazas convocadas, poderá acceder ás vacantes que resulten o persoal empregado público da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.

PROGRAMA

- Presentación do Consello de Contas e as súas funcións na área local.
- Os produtos do Consello (I): rendición de contas e legalidade do gasto e ingreso público.
Recomendacións de mellora.
- Os produtos do Consello (II): auditoría operativa, ciberseguridade e datos abertos. A prevención do fraude na xestión dos Fondos "Next Generation EU".
- Prevención do fraude e corrupción na contratación pública mediante as tecnoloxías dixitais. Novas perspectivas: A auditoría de algoritmos.
- Marco comparado, traballos en perspectiva:
A despoboación en Europa: diagnóstico e estratexias.
A despoboación e os informes dos organismos de control externo.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e a hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas e de acordo co establecido na base segunda desta resolución para as persoas destinatarias.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

1. Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deberán introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo co requirido e establecido na base segunda da convocatoria respecto das persoas destinatarias.

2. As persoas interesadas deberán seleccionar primeiro a área en que está integrada esta actividade (Régime xurídico e xestión das entidades locais) e despois seleccionar no nome do curso: Xornadas O control externo local no exercicio 2022: balance práctico e recomendacións.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 20/04/2023 a 21/04/2023

NUM. PRAZAS: 286

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

Simon Rego Vilar

M^a ELVIRA MIGUEZ VAZQUEZ

JOSE MANUEL PUMARES BESTEIRO

DOMINGO A. GUERRA PARÍS

Enrique Benítez Palma

SERAFÍN PAZOS VIDAL

Santiago A. Martín Nájera

Manuel José García Rodríguez

Juan José García Martínez

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

SALON DE ACTOS: O día 20 de abril de 11:30 a 15:00. O día 20 de abril de 17:00 a 19:00. O día 21 de abril de 10:00 a 14:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA